

Da Escola

ó Mundo
Laboral

Información

Formación

Orientación



Emprego privado

Emprego público

Autoemprego

Da
escola ó
Mundo
laboral

XUNTA DE GALICIA

Información

Formación

Orientación

Índice

Emprego privado

Emprego público

Autoemprego

A transición da escola ó mundo laboral é un proceso máis ou menos longo que require pola túa parte preparación, constancia e dedicación.

As respostas que deas vante levar a un destes camiños posibles: buscar un emprego nunha empresa xa constituída, preparar unha oposición ou ben crear ti o teu posto de traballo.

Para levar a cabo este proceso, en primeiro lugar tes que te-las respostas a estas dúas preguntas:

¿Que podes facer?

¿Que queres facer?

Cada unha destas posibilidades require o adestramento nunhas técnicas concretas, pero en tódolos casos é preciso afronta-la busca de emprego dun xeito planificado e activo.

Se queres acceder ó mundo laboral, mante-lo posto de traballo e progresar na túa carreira profesional, a formación, a información e a orientación deberán ser unha constante ó longo da túa vida.

O emprego no sector privado

Cómo podes empezar a buscar traballo

Empeza por identificar o tipo de traballo que queres desenvolver. Selecciona un obxectivo de emprego.

A continuación elabora o teu currículum vitae, que é un breve resumo ordenado dos teus datos e experiencias académicas e profesionais. Podes estruturalo do seguinte xeito:

- **Datos persoais:** nome, enderezo, teléfono de contacto, data de nacemento, etc.
- **Datos académicos:** títulos académicos que tes, estudos que fixeches ou que estás a facer de carácter oficial.
- **Experiencia laboral:** traballos realizados, indicando a empresa, duración e funcións desempeñadas; a formación en centros de traballo,

se fixeches algún ciclo formativo, e calquera outra experiencia laboral.

- **Formación complementaria:** cursos e formación que acadaches fóra do sistema educativo formal.
- **Outros:** aquí podes poñer datos como se tes permiso de conducir, a túa dispoñibilidade horaria ou de mobilidade, etc.

Agora que tes o currículum ...

Selecciona as empresas ás que te vas dirixir e envíalle-lo teu currículum vitae. Debes acompañar unha carta de presentación na que consten os teus datos identificativos, o posto de traballo no que esteas interesado e un ou dous aspectos do teu currículum que demostren que ti e-la persoa indicada para o posto.

Dado que vas manexar moitos datos é boa idea que leves unha axenda, na que poderás anotar, entre outros, os seguintes datos: nomes das empresas e das persoas ou postos directivos ós que te dirixes, datas nas que te pos en contacto con eles, etc.

Ónde atopar ofertas

Deberás acudir en busca de información a:

- O teu centro educativo. Alí informante de se

teñen bolsa de emprego e, nese caso, poderás solicitar que te inclúan.

- Servicios públicos de emprego.
- Periódicos, revistas, etc.
- Organizacións empresariais, asociacións e confederacións de empresarios, cámaras de comercio, colexios profesionais, etc.
- Centros de información xuvenil e centros de información á muller.
- Rede Europea de Busca de Emprego (EURES), que actúa como unha axencia europea de emprego.
- Internet, a través dos distintos buscadores e portais específicos de emprego.
- Familia, amigos, coñecidos e veciños.

Qué facer ante a chamada da empresa

Unha vez que enviaáche-lo teu currículum vitae coa conseguinte carta de presentación, e que obtiveches resposta dalgunha empresa, o seguinte paso será superar con éxito a entrevista profesional. Para iso, deberás preparala ben; ten presente que tódalas preguntas xirarán en torno á túa persoa, á túa formación, ás túas ocupacións anteriores e ó posto de traballo.

As seguintes recomendacións seranche de gran axuda: infórmate sobre os diferentes datos da empresa, se puntual, coida a túa imaxe persoal, controla a túa ansiedade, exprésate con claridade e corrección, con respostas breves e reflexivas, resalta os teus aspectos positivos e interésate pola seguinte fase do proceso de selección.

Emprego privado

Emprego público

Autoemprego

5

Da
escola ó
Mundo
laboral

Debes ser consciente de que o proceso de busca de emprego é, normalmente, unha tarefa longa. Ás veces, os resultados non se logran no primeiro intento nin a curto prazo. Neste caso, non caías no desánimo, xa que, na maioría das ocasións, o feito de non sére-la persoa seleccionada non quere dicir que non teñas valía, nin que non esteas preparado.

O emprego público

Anualmente, a Administración realiza a oferta de emprego público, é dicir, publica as prazas que se cubrirán no ano en diferentes convocatorias. Esta oferta debe respecta-lo principio de publicidade nas convocatorias, así como os de igualdade, mérito e capacidade no proceso de selección.

Ónde se publican as ofertas de emprego público

Nos diferentes diarios oficiais:

- Diario Oficial das Comunidades Europeas, cando se trate de prazas correspondentes a organismos da Unión Europea.
- Boletín Oficial do Estado, para as prazas da Administración estatal.
- Diario oficial das comunidades autónomas, no

caso das prazas da Administración autonómica.

- Boletín oficial da provincia, para as prazas das corporacións Locais.

Ónde atopar estas publicacións

- Centros educativos.
- Consellerías.
- Delegacións do Goberno.
- Concellerías da xuventude.
- Oficinas de emprego.
- Oficinas de información xuvenil.
- Bibliotecas públicas.
- Sedes sindicais ou empresariais.
- Páxinas web.

Qué requisitos se deben reunir

Para poder participar nun proceso de selección de prazas no sector público debes reunir os requisitos que se establecen en cada convocatoria específica.

- Posuí-la titulación que se esixa para o posto.
 - **Grupo A:** precisárase estar en posesión de licenciatura, enxeñería, arquitectura ou equivalente.

- **Grupo B:** diplomatura, enxeñería técnica ou equivalente.
 - **Grupo C:** bacharelato ou equivalente.
 - **Grupo D:** graduado en Educación Secundaria ou equivalente.
 - **Grupo E:** certificado de escolaridade.
- Ser maior de idade.
 - Posuí-la nacionalidade española ou ser cidadán da Unión Europea.
 - Te-las aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño do posto.
 - Non estar separado mediante expediente disciplinario das Administracións públicas nin inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cómo acceder ó emprego público

A través dalgún dos seguintes sistemas de selección:

- **Oposición:** consiste nunha serie de probas ou exames, orais ou escritos, ós que se pode presentar calquera que reúna os requisitos da convocatoria.
- **Concurso oposición:** ademáis do anterior valóranse os méritos segundo o baremo establecido para cada posto na convocatoria.

Se xa localizáche-la convocatoria que che interesa e desexas participar nas oposicións correspondentes, debes segui-lo seguinte proceso:

- Comprobar que reúne-los requisitos que se

establecen en cada convocatoria específica.

- Formalizar unha instancia.
- Comproba-la admisión da solicitude.
- Realiza-las probas ou exames.
- Verifica-la superación.

Ten presente que prepara-las oposicións require constancia e un alto grao de dedicación. Necesítase unha preparación minuciosa, para o que che será de gran axuda o coñecemento e a aplicación das técnicas de organización de estudio, así como saber selecciona-lo material e distribuí-lo tempo adecuadamente.

Emprego público

7

Da
escola ó
Mundo
laboral

O autoemprego

¿Pensaches en crea-lo teu propio posto de traballo?

Os motivos que te poden levar a introducirte no mundo da empresa poden ser pór en práctica unha idea nova ou a creación do teu propio posto de traballo, que é unha posibilidade que debes contemplar.

O teu éxito dependerá de que reúna-los medios económicos necesarios, de que fixes uns obxectivos e da túa capacidade para dirixir e organiza-lo persoal para conseguilos.

¿Por onde empezos?

Tes unha idea de negocio, é dicir, décheste conta de que no teu contorno existe algunha carencia ou necesidade que non está ben cuberta e á que ti podes atender por medio do teu traballo. Se cres que a túa idea ten posibilidades, pásaa

a papel, e escribe e identifica con claridade os obxectivos que te marcas.

Necesitarás medios económicos; poderás contar con distintas axudas para da-los primeiros pasos.

A clave do teu éxito é o mercado, as persoas que poden facer uso do teu produto ou servizo. Deberás dedicar un tempo a estudialo para responder á túa pregunta principal: ¿existen persoas dispostas a compra-lo que eu podo ofrecer e ó prezo que quero establecer?

Deberás planifica-los pasos que deas facendo un plan de empresa.

Na planificación da túa futura empresa, debes considera-los seguintes aspectos:

- A súa actividade.
- O proceso productivo.
- A organización.
- A localización.
- O financiamento.

Terás que calcula-lo investimento necesario para inicia-la actividade e ve-la forma de acadar eses recursos, o que normalmente se fará por dúas vías: recursos propios e préstamos de terceiros —que haberá que reintegrar xunto cos intereses correspondentes—. En determinados casos poderás contar con subvencións.

Agora debes pensar na forma xurídica do teu

negocio; poderás constituírte como traballador autónomo ou ben podes formar unha sociedade.

Emprego privado

Emprego público

¿Quen me pode axudar?

Hai moitas institucións que te poden asesorar tanto na elaboración do plan de empresa como na súa posta en práctica e, mesmo, en determinados casos, poderás contar con axudas económicas. Non esquezas dirixirte a:

- Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude: Programa de asesoramento ó emprendedor.
- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), a través do Programa Lanza.
- Cámaras de comercio, Confederación de Empresarios de Galicia, sindicatos e asociacións de empresarios da localidade na que vaias emprender o teu negocio, viveiros de empresarios, etc.

Isto ten futuro, ¿que teño que facer?

Unha vez que te decidas, aínda deberás levar a cabo unha serie de trámites necesarios para a constitución da túa empresa que, basicamente, son os seguintes:

- Certificación negativa do nome da empresa ou razón social.
- Redacción da escritura pública ante notario ou acordo privado entre os socios da empresa.
- Liquidación do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

Autoemprego

9

Da
escola ó
Mundo
laboral

- Inscripción no rexistro correspondente.
- Solicitud do Código de Identificación Fiscal.
- Declaración de actividades económicas.
- Declaración censal.
- Declaración de apertura do centro de traballo.
- Inscripción na Seguridade Social.
- Licencia de Actividade e Instalacións.

Se estás seguindo estudos de Formación Profesional, vai te formulando neste tempo a idea do autoemprego, de creá-la túa propia empresa. Na Formación Profesional non só se desenvolve unha actividade técnica determinada, senón tamén unha capacidade de ordenar e xestionar o propio traballo.

As cooperativas de traballo

¿Por que?

O traballo asociado a través das cooperativas é outra alternativa interesante porque che permitee ser empresario e traballador ó mesmo tempo. É importante que coñeza as posibilidades desta modalidade, que esixe coñecer a lexislación existente ó respecto.

¿Que son as cooperativas de traballo?

As cooperativas de traballo son asociacións de persoas naturais, con capacidade legal e física para desenvolver unha actividade, que teñen por obxecto proporcionar postos de traballo ós socios para producir en común bens e servizos para vender a terceiros.

¿Como se crean?

Unha cooperativa de traballo pode estar formada por:

- **Socios cooperativistas:** como mínimo teñen que ser cinco persoas naturais, maiores de 16 anos, que aportarán unha cantidade mínima obrigatoria fixada nos estatutos.
- **Asalariados:** son os traballadores contratados pola cooperativa. O número de traballadores asalariados con contrato por tempo indefinido no poderá ser superior ó 10% do total dos socios.
- **Asociados:** son persoas físicas ou xurídicas (públicas ou privadas) que só aportan capital, polo que reciben un interese.

¿Cal é o seu réxime económico?

O capital social está composto polas aportacións obrigatorias e voluntarias dos socios e no seu caso dos asociados. Os Estatutos fixarán o capital social mínimo.

Os recursos económicos conséguense por aportacións dos socios, ben por si mesmos ou ben de fontes externas (créditos, subvencións, etc.).

Terás que ter en conta que:

- Ningún socio pode ter máis da cuarta parte do capital.
- Ó remate do exercicio económico (normal-

Autoemprego

11

Da
escola ó
Mundo
laboral


mente un ano), o excedente resultante entre ingresos e gastos poderase repartir entre os socios, unha vez deducidos os impostos e cubertos os fondos de reserva.

- Os socios non responderán persoalmente das deudas da cooperativa, salvo que se dispoña outra cousa.
- Para a súa disolución necesítase o acordo dos 2/3 da asemblea xeral.

¿Podo contar con algunha axuda?

As cooperativas de traballo asociado teñen posibilidade de obter unha serie de axudas e subvencións, a través de medidas de apoio e mantemento do emprego. Se estás interesado poderás dirixirte a distintas entidades, entre elas a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Se tes compañeiros na túa mesma situación —con espírito emprendedor—, crear unha cooperativa é outra das túas posibilidades. A cooperativa é un modelo de traballo asociado con intereses comúns para tódolos traballadores.




Da Escola ó Mundo Laboral

Información

Formación

Orientación



Emprego privado

Emprego público

Autoemprego

escola ó
Mundo
laboral



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Fondo
Social
Europeo